

# PENETRACIÓN DA SI NAS EMPRESAS

## 1.1 Introducción

O presente documento forma parte do diagnóstico de situación levado a cabo como unha das bases de elaboración do Plano estratéxico galego da sociedade da información (PEGSI). O seu obxectivo é plasmar aqueles aspectos máis significativos do sector empresarial en relación co grao de implantación e uso que fan das novas tecnoloxías.

Para a elaboración do documento, fundamentalmente no que se refire á información de ámbito implantación e uso das TIC nas empresas, recorreuse aos institutos estatísticos, que fornecen a información máis fiable a partir dos directorios de empresas. Do mesmo xeito, para datos máis puntuais tomáronse das asociacións estatais e do sector.

Cando se analizan características de detalle empréganse os datos provenientes das enquisas feitas como parte do traballo de elaboración do PEGSI.

A pesar da abundancia dos datos, o presente documento non ten por obxecto a exposición intensiva dos resultados das enquisas, senón a análise desta información de cara a obter a diagnose. O documento "Informe das enquisas - empresas" é o que expón polo miúdo o seu resultado.